


3º nivel
Educación Primaria

PROGRAMACIÓN

Curso 2020-21



CEIP A Igrexa – Calo

Índice

1. Introducción e contextualización.....	4
1.1. Alumnado.....	4
1.2. Profesorado.....	5
1.3 Contextualización.....	5
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.....	6
2.1. Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia.....	6
2.2. Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.....	7
2.3. mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.....	7
3. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior por áreas	8
4. Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación.....	11
5. Obxectivos.....	11
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	13
7. Obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe e temporalización por áreas.....	56
7.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.....	90
8. Metodoloxía.....	113
8.1. Principios pedagóxicos xerais.....	113
8.2. Estratexias de intervención educativa.....	114
9. Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto.....	115
9.1 Personais:.....	115
9.2 Materiais:.....	115
9.3 Ambientais:.....	115
10. Procedementos de avaliación.....	115
10.1. Avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado.....	115
10.2. Criterios de cualificación,avaliación e promoción.....	117
10.2.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e av. final individualizada.....	117
11. Indicadores para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	118
11.1. Avaliación da práctica docente.....	118
12. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....	119
13. Medidas de atención a diversidade.....	120
14. Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.....	121
15. Accións de contribución ao proxecto lector e o proxecto lingüístico do centro.....	123
16. Actividades complementarias e extraescolares.....	124
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	124
17.1. Obxectivos e contidos.....	125
17.2. Criterios de avaliación.....	126
17.3. Metodoloxía.....	126

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación parte dunhas referencias lexislativas básicas:

- 📄 Artigo 27 da Constitución, que proclama o dereito á Educación.
- 📄 Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- 📄 DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A partires da adecuación ao contexto no que nos atopamos e das características do alumnado, estableceremos unha serie de estratexias de intervención didáctica que terán como obxectivo fundamental o desenvolvemento integral do alumnado ao longo do curso.

1.1. ALUMNADO

No presente curso o 3º nivel de Educación Primaria do CEIP A Igrexa - Calo (Teo) conta con tres grupos.

	ALUMNAS	ALUMNOS	TOTAL
3º A	12	6	18
3º B	11	6	17
3º C	12	5	17
TOTAL			51

2 alumnos con NEE derivadas de TEA e alumnado con diversas dificultades de aprendizaxe reciben reforzo educativo por parte do profesorado especialista en PT e AL.

1.2. PROFESORADO

Profesorado que imparte docencia no nivel:

Titoras de 3º Educación Primaria		María Isabel Calvelo Riveira
		Emilia Guerra Fernández
		Lorena Rozados Luís
Profesorado especialista	Educación Musical	Pablo Barge Carrete
	Lingua Estranxeira	Carmen Rodríguez Grégori
	Educación Física	María Begoña Santamaría Pérez
	Relixión e Moral Católica	Lourdes Iglesias Vázquez
	Pedagogía Terapéutica	María Celia Espasandín García
		Juan Manuel Lago Lestón
	Audición e Linguaxe	Elena Vaamonde Porto
Minia Abelleira Durán		

O horario lectivo do centro é de xornada continuada (09:15–14:15 h). Os martes, o profesorado adícao a reunións de titorías de pais de 16:00 a 17:00, e de equipos docentes, de 17:00 a 19:00. O Centro dispón de servizo de comedor e transporte.

1.3 CONTEXTUALIZACIÓN

O alumnado de 3º nivel de educación primaria pertence na súa maioría ao concello de Teo, zonas de Lampai, Luou e Calo cunha importante presenza de alumnado residente na urbanización “campos de Mirabel” (Calo). Algún caso illado reside en Milladoiro (Ames).

Neste 3º curso de primaria incorpóranse por primeira vez a este centro 4 alumnos procedentes do centro adscrito CRA Teo da unitaria de Casalonga.

A maioría do alumnado utiliza os servizos de comedor e transporte.

Características socioeconómicas

O sector terciario é o que ocupa a maior parte da poboación activa en Teo, o 69%. A maior parte dos empregados sitúanse no sector comercial, tanto por parte dos que traballan no propio municipio como os que se desprazan a Santiago.

Aspecto lingüístico do alumnado

A maioría das familias son galego falantes.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

Tendo en conta a actual situación derivada do COVID-19, teremos en conta diferentes escenarios posibles para asegurar o mantemento da actividade lectiva. Deste xeito, mentres sexa posible a actividade de maneira presencial, dende as titorías se levará a cabo unha posta en marcha da aula virtual do centro, asegurando a conexión de todo o alumnado e detectando posibles dificultades e/ou problemas para facelo. Así pois, de maneira periódica, levaranse a cabo actividades e/ou tarefas virtuais a través da rede, familiarizando ao alumnado co uso da aula virtual, e antepoñéndonos a posibles escenarios derivados da situación sanitaria.

No caso de ter que continuar coa actividade lectiva de maneira non presencial, levarase a cabo a través da mesma aula virtual, coa que xa estarán familiarizados, subindo os contidos e materiais de apoio de maneira diaria e realizando un seguimento constante do traballo do alumnado. Por outra banda, tamén se poderán realizar videoconferencias periódicas a través da plataforma Webex, e as cales servirán para solucionar e resolver as posibles dúbidas, prestar a axuda e o apoio necesarios, explicar contidos novos que se vaian a traballar e manter unha relación bidireccional e constante co alumnado, o que facilitará o seu seguimento.

2.1. METODOLOXÍA DE TRABALLO NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

Tendo en conta a excepcionalidade que caracteriza a este curso 2020/21 pola situación sanitaria derivada da pandemia, no caso do ensino a distancia, a metodoloxía tentará ser o máis motivadora posible, tendo como premisa central a flexibilidade e adaptándose ás diferentes realidades socio-familiares do alumnado. Así pois, buscarase unha ensinanza lúdica e atractiva para os alumnos/as, apoiándonos en todo tipo de recursos que a rede ofrece (apoios multimedia coma vídeos, presentacións *power point*, imaxes, xogos en rede...), facilitando así a comprensión das novas aprendizaxes por parte do alumnado e contribuíndo ao seu afianzamento. Por outra banda, tamén se terá en conta a flexibilización da

temporalización, evitando unha sobrecarga ás familias e ao alumnado de tarefas e/ou traballos, e procurando aprendizaxes transversais e funcionais relacionados entre si.

2.2. MODO DE PROVER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA

Naqueles casos nos que o alumnado non poida seguir a ensinanza telemática por falta de recursos e/ou medios, procurarase facilitarállelos a través de préstamos de ordenadores do propio centro e contando coa colaboración de diferentes institucións e/ou organismos (Servizos Sociais do Concello, Protección Civil, asociacións que traballan con alumnado do centro...). Tentarase, na medida do posible, dotar a todo o alumnado do equipamento necesario e conexión a Internet para poder seguir a ensinanza de maneira non presencial, sen que isto supoña un prexuízo para o seu desenvolvemento, acentuando así as desigualdades e impedindo o acceso ao dereito universal da educación. Naqueles casos nos que, a pesares do anterior, non sexa posible dotar dos medios necesarios para o acceso á ensinanza telemática, facilitaráselle o material impreso ao alumnado, o cal poderá ser enviado ao seu domicilio a través de persoal do Concello que colabore co centro (Protección Civil e/ou Policía Local), por correo ordinario ou ben, de ser posible, facilitando a súa recollida por parte da familia no propio centro. Non obstante, especialmente en ditos casos, procurarase manter un contacto constante e fluído coa familia do alumno/a a través de correo electrónico e/ou telefonicamente, asegurando así a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

2.3. MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMIENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO

No caso do alumnado matriculado na aula virtual do centro, o seguimento realizarase de maneira continua e constante levando rexistro das conexións dos alumnos/as á aula, a participación e o grao de implicación nos foros, actividades e/ou tarefas propostas, a asistencia ás videoconferencias que se leven a cabo, así coma mantendo unha comunicación periódica e fluída coas familias.

No caso de alumnado que non poida seguir a actividade lectiva a través da aula virtual por falta de medios, o seguimento realizarase de maneira telefónica ou a través do correo electrónico. Tamén se facilitará a este alumnado a entrega de tarefas e/ou actividades propostas a través de diferentes vías (imprimindo e enviando o material, con fotografías...), tendo en conta e adaptándonos ás posibilidades de cada caso en particular.

3. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR POR ÁREAS

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

- LCB4.1.1. Utiliza de xeito guiado categorías gramaticais básicas: o nome, artigo, adxectivo, verbo (principalmente as categorías gramaticais non traballadas foron os pronomes persoais, así como o verbo en profundidade xa que se traballou un pouco durante a 1º trimestre á hora de coñecer o suxeito e predicado pero non se puido afondar en exceso).
- LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos. (Coñece os diferentes tempos verbais pero non afondamos no seu emprego)

LINGUA GALEGA E LITERATURA

- LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación (presentan dificultades a hora de saber cando empregar os diferentes signos de puntuación, así como nos signos de exclamación e interrogación se poñer só o final ou o principio e final).
- LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. (En diversas situacións presentan dificultades en canto o emprego das maiúsculas, especialmente cos nomes propios de lugares que non

coñecen, así como o nome das rúas, tamén presentan dificultades de emprego de maiúsculas o inicio de escrito e cando comezan a responder unha pregunta).

- LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic (sen poder afondar nos diversos tipos de texto).

- LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas (este estándar quedou sen desenvolver ben, xa que seguen presentando dificultades con algunhas normas ortográficas).

MATEMÁTICAS

- MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas (debido a que os exercicios se facían directamente no libro de texto pouco se empregou o caderno e, polo tanto, é necesario afondar neste estándar).

-MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados (debido ao estado de alarma tiveron que traballar as táboas do 6 ao 10 nas súas casas, polo tanto é necesario afondar neste estándar).

- MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe de simetría.(Son capaces de recoñecer diversas figuras pero só naquelas figuras regulares son capaces de completalas).

- MTB4.4.1. Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos (con bastantes dificultades xa que non puidemos afondar neste estándar).

- MTB4.5.1. Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. (Non foi posible afondar nas diferentes figuras xeométricas e polo tanto non son capaces de resolver moitos problemas xeométricos)

CIENCIAS DA NATUREZA

- CNB4.2.1. Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotiá (ditas experiencias foron realizadas nos seus fogares debido ao estado de alarma e non puidemos levalas a cabo dende o centro educativo).
- CNB4.2.2. Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. (non puidemos levar a cabo experimentos que lles axudasen a analizar ditos efectos).

CIENCIAS SOCIAIS

- CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. (Presentan dificultades para coñecer a maioría de minerais e rochas da súa contorna).
- CSB2.8.1. Elabora un esbozo do plano do barrio no que está situada a escola e diseña posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. (De forma moi xenérica e sen tempo para afondar nel).
- CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre o que é unha localidade e un municipio.
- CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore, propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
- CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
- CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.

- CSB4.5.1. Explica que é un museo e cales son as súas funcións.
- CSB4.5.2. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.

4. LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Tendo en conta as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no pasado curso mencionadas no apartado anterior, desenvolverase un plan de reforzo e recuperación das mesmas de forma integrada coas aprendizaxes estreitamente relacionadas do presente curso; tomando como punto de partida as que non foron adquiridas e ampliando a información e a práctica das mesmas cos novos contidos, correspondentes ao presente nivel académico.

Así pois, a modo de exemplo, o estándar de aprendizaxe non adquirido de maneira completa no curso anterior para a área de Lingua Castelá e Literatura LGB3.1.3. recollido no epígrafe anterior, estará integrado no estándar de aprendizaxe LCB3.1.2. (Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel), recollido no currículo de área para o 3º curso da educación primaria; de tal xeito que, á hora de traballar as normas gramaticais e ortográficas básicas, integraranse tamén aquelas propias de 2º curso, de tal forma que se levará a cabo un reforzo das xa adquiridas, unha recuperación daquelas non afianzadas e unha ampliación da materia coas novas aprendizaxes.

5. OBXECTIVOS

Ref	Obxectivo
a	Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b	Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
c	Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
d	Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e	Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
f	Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
g	Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
h	Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i	Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
j	Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k	Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
l	Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m	Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
n	Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o	Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

NOTA: A referencia (letra) coa que se identifica cada obxectivo, é a mesma que figura no currículo e que tamén despois se asocian/relacionan en cada área, nivel e criterio de avaliación.

6. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS DA NATUREZA	B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	CAA, CCL, CMCCT, CSIEE, CD	Busca e selecciona a información importante.
		CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA, CMCCT, CSIEE	. Manifesta certa autonomía na observación e execución de accións e tarefas.
	B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación e	CAA, CMCCT, CSIEE	

	por medio da observación, e obter unha información.	obtéñ unha información.		
	B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA, CMCT, CSC, CSIEE	Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma autónoma
	B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	CMCCT	Explica a morfoloxía externa do propio corpo e o seu funcionamento nun sentido global.
		CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	CMCCT	Coñece os principais órganos vitais.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS DA NATUREZA	B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención.	CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.	CMCCT, CSC	1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.
		CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	CMCCT	. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais.
	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.	CMCCT	Clasifica alimentos.
		CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.	CMCCT, CSC, CSIEE	
	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e buscar	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio	CMCCT, CSIEE	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
		científico.		seu contorno.
	información en fontes variadas.	CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaaas con criterio científico.	CMCCT, CCL, CSIEE	. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno.
		CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.	CMCCT, CAA	
	B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.	CMCCT	Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo.
		CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	CMCCT, CCL, CSIEE, CD	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS DA NATUREZA	B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.	CMCCT, CSC	Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos.
		CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.	CMCCT, CSC	Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola
	B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá.	CMCCT, CCL	Diferencia os cambios de estado da auga
		CNB4.2.2. Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.	CMCCT	
	B4.3. Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.	CMCCT	
		CNB4.3.2. Realiza algunhas	CMCCT	Realiza algunhas

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
	resultados.	mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.		mesturas de uso doméstico
	B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá.	CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento.	CMCCT	Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola.
		CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.	CMCCT, CCL, CSC	
	B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	CMCCT, CCL, CSC	Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS DA NATUREZA	B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	CMCCT, CCEC, CD	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS SOCIAIS	B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA, CCL, CD, CMCCT	Busca información (empregando as TIC)
		CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE, CAA, CMCCT	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación
	B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	CSC, CAA, CMCCT	Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable.
	B1.3. Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CSB1.3.1. Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CCL, CMCCT, CSC	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS SOCIAIS	B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1. Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	CMCCT, CD	Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar.
	B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma.	CSB2.10.1. Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.	CMCCT, CAA	Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
	B2.11. Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive.	CSB2.11.1. Diferencia entre clima e tempo atmosférico. CSB2.11.2. Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.	CMCCT CMCCT, CCL	
	B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima.	CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	CMCCT, CAA	Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
	B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia.	CSB2.13.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.	CMCCT, CCL	Identifica e recoñeceos diferentes tipos de paisaxe.
	B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles.	CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma.	CMCCT, CAA	. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe.
	B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.	CSB2.15.1. Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.	CSC, CCL	Recoñece o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS SOCIAIS	B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible.	CSB2.15.2. Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo.	CSC, CCL	
		CSB2.15.3. Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable.	CSC, CCL	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
B2.2. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.		CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.	CMCCT, CCL	. Describe de forma sinxela os movementos terrestres
		CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	CMCCT, CCL	Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite
		CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.	CMCCT, CCL	Identifica a Lúa como satélite da Terra.
		CSB2.2.1. Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.	CMCCT, CCL	
		CSB2.2.2. Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.	CMCCT, CCL	
		CSB2.2.3. Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas características principais.	CMCCT, CCL	
B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos.		CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	CMCCT, CCL	Identifica, nomea e as capas da Terra.
		CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.	CMCCT, CCL, CAA	Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción.
		CSB2.3.1. Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	CMCCT, CCL	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS SOCIAIS	B2.3. Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos.	CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos.	CMCCT, CCL, CAA	
	B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive.	CSB2.4.1. Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.	CMCCT, CCL	.Recoñece as distintas formas de representación da Terra, mapas e globos terráqueos.
	B2.5. Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre mapas ou planos da súa entorna próxima.	CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel.	CMCCT, CAA	
	B2.6. Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos.	CSB2.6.1. Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento.	CMCCT, CAA	
	B2.7. Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación.	CSB2.7.1. Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.	CMCCT, CCL	.Identifica e nomea fenómenos atmosféricos
	B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos. Recoller datos empregando as TIC, representar e interpretar gráficos sinxelos e comparalos coa información na web e prensa dixital ou escrita.	CSB2.8.1. Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos.	CMCCT, CD, CAA	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS SOCIAIS	B2.9. Coñecer cal e a función dunha estación meteorolóxica e facer pequenas observacións.	CSB2.9.1. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións.	CSIEE, CAA, CMCCT, CCL	
	B3.1. Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental.	CSB3.1.1. Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima.	CSC, CCL	
	B3.2. Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas.	CSB3.2.1. Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC, CEC	Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social e lingüística.
	B3.3. Comprender os principais conceptos básicos demográficos, a través da realización do estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados.	CSB3.3.1. Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas.	CSC, CMCCT, CCL	
	B3.4. Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocíalos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona.	CSB3.4.1. Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna.	CMCCT, CCL	Diferencia entre materias primas e produtos elaborados.
	B3.5. Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilízalas como persoa usuaria de medios de transporte.	CSB3.5.1. Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.	CSC	Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación.
	B4.1. Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia.	CSB4.1.1. Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C	CMCCT, CAA	
		CSB4.1.2. Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.	CMCCT, CAA	.Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado e do presente da súa contorna.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
CIENCIAS SOCIAIS	B4.2.Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia.	CSB4.2.1. Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.	CSC, CMCCT	
		CSB4.2.2. Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.	CSC, CCL	.Distingue entre prehistoria e historia.
		CSB4.2.3. Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.	CSC, CCL	
	B4.3.Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual.	CSB4.3.1. Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.	CSC, CCEC	Identifica algúns vestixios do pasado na contorna.
	B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSB4.4.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CSC, CCEC	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIGIBLE
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita.	CCL, CAA	Establece unha orde ou pautas para seguir.
		EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.	CCL, CCEC	
		EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.	CCL, CCEC	Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica
	B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.	CCL, CCEC	
		EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	CCEC, CCL	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais
	B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.	CCEC, CCL	Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais
		EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.	CCEC, CCL	Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.
		EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.	CCEC, CCL	Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.	CCEC, CSC, CCL	Identifica profesións relacionadas coas artes plásticas.
		EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.	CCEC, CSC, CAA	
		EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.	CCEC, CSC, CD	
		EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas.	CCEC, CSC, CCL	. Relaciona artistas coas obras máis representativas.
	B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	CCEC, CAA	Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
		EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.	CCEC, CAA	Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.
		EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	CCEC, CAA	. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
		EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.	CCEC, CAA	Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas
		EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.	CCEC, CAA	. Completa figuras seguindo as liñas como guía.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado.	CCEC, CAA	Combina técnicas de picado, encartado e pegado.
		EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.	CCEC, CAA	Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.
		EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.	CCEC, CAA	Usa a técnica de colaxe con limpeza
		EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.	CCEC, CMCCT	Fai composicións a partir do eixe de simetría.
		EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.	CCEC, CAA	
		EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas.	CCEC, CMCCT	
	B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	CCEC, CSC	. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.
	B2.3. Respetar e valorar o traballo individual e en grupo.	EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.	CSC, CCEC, CAA	Realiza tarefas en grupo.
	B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.	CCEC, CD	
		EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	CCEC, CD	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.	CCL, CAA, CSC	Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.
		LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	CCL, CAA, CSC	. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais
	B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.	CCL	Interpreta de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente
		LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	CCL	. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada.
	B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: - Diálogos - Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE	. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación
	B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	CCL	. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.
		LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	CCL, CAA	Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade.

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....	CCL, CAA	. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social
		LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	CCL	Responde preguntas sinxelas.
		LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.	CCL, CAA, CSIEE	. Utiliza de xeito guiado a información recollida.
	B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.	CCL, CD, CAA	Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
		LCB1.6.2. Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.	CCL, CSC	
		LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	CCL, CD, CAA, CSC	. Comprende de forma global o contido de textos sinxelos.
	B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	CCL, CAA, CCEC	. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves.
		LCB1.7.2. Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios.	CCL, CAA, CCEC	

ÁREA	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE	MÍNIMO EXIXIBLE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.	CCL, CAA, CSIEE	Elabora comprensiblemente e textos orais breves e sinxelos.
		LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.	CCL, CAA, CSIEE	
	B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	CCL, CAA, CSC, CSIEE	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender.
	B2. 3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.	CCL, CAA	. Identifica as palabras clave dun texto.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.	Observación directa das súas intervencións e producións orais na clase: intervencións espontáneas, resposta a preguntas concretas, expresión de ideas, opinións e sentimentos. Observación directa das súas intervencións e producións orais na clase: intervencións espontáneas, resposta a preguntas concretas, expresión de ideas, opinións e sentimentos.
	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Probas orais e escritas sobre o contido de textos lidos de diferente tipoloxía. Resumos orais e escritos de textos lidos. Actividades de comprensión lectora realizadas no caderno de clase.
	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).	
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.	
	LGB2.1.4. Interpreta, personificacións e hipérboles en textos sinxelos.	
	LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto.	
	LGB2.1.6. Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	Observación directa da eficacia do manexo do dicionario.
	LGB2.10.1. Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias.	Observación do interese e actitude na Hora de Ler.
	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	Probas orais e escritas sobre o contido de textos lidos de diferente tipoloxía. Resumos orais e escritos de textos lidos. Actividades de comprensión lectora realizadas no caderno de clase.
	LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.	
	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.	
	LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.	
	LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión, cando é preciso.	
	LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura.	
LGB2.5.2. Utiliza de xeito guiado dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	Observación directa do manexo da información na web.	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
LINGUA GALEGA E LITERATURA	LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras.	Dramatizacións e lecturas de textos literarios Memorización e reprodución oral de textos literarios. Caderno de actividades de aula. Probas escritas e orais.
	LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.	
	LGB2.6.3. Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade.	
	LGB2.7.1. Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento.	
	LGB2.7.2. Valora as bibliotecas de aula e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.	
	LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro.	
	LGB2.8.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	
	LGB2.9.1. Aмосa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	
	LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.	
	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.	
	LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe.	
	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...	
	LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis) de xeito creativo.	
	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido.	
	LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.	
	LGB3.2.5. Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
LINGUA GALEGA E LITERATURA	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter e comunicar información.	Caderno de actividades de aula. Probas escritas e orais.
	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.	Textos escritos creativos de diferentes tipos, producidos polo alumnado e presentados en distintos soportes. Probas escritas. Caderno de actividades de aula
	LGB3.5.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.	Textos escritos creativos de diferentes tipos, producidos polo alumnado e presentados en distintos soportes.
	LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais sinxelos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos. LGB3.6.2. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.	Probas escritas. Caderno de actividades de aula
	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado...	
	LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	
	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.	
	LGB4.1.2. Identifica as formas verbais.	Textos escritos creativos de diferentes tipos, producidos polo alumnado e presentados en distintos soportes.
	LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	Probas escritas.
	LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos.	Caderno de actividades de aula
	LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.	
	LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cingirse a elas.	
	LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.	
	LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación.	
	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.	
	LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.	
	LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.	
LGB4.5.1. Usa o dicionario en papel ou dixital de xeito guiado.	Observación directa do manexo da información na web.	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
LINGUA GALEGA E LITERATURA	LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.	Probas escritas. Caderno de actividades de aula
	LGB4.6.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.	
	LGB4.7.1. Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.	
	LGB4.8.1. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.	
	LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.	Lectura en voz alta de textos valorando a exactitude, o ritmo, a entonación e a velocidade. Probas orais e escritas sobre o contido de textos lidos de diferente tipoloxía. Resumos orais e escritos de textos lidos. Actividades de comprensión lectora realizadas no caderno de clase. Uso da biblioteca do centro e da aula. Fichas de lectura. Memorización e reprodución oral de textos literarios. Observación do interese e actitude na Hora de Ler.
	LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	
	LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	
	LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	
	LGB5.3.1. É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	
	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	
	LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios.	
	LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	
	LGB5.7.1. Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
MATEMÁTICAS	MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).	Preguntas orais Observación directa da realización de actividades de aula: numeración, operacións de cálculo e resolución de problemas
	MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	
	MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?	
	MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas.	Observación do manexo da calculadora. Caderno de actividades de aula. Actividades de aula realizadas na pizarra. Preguntas orais Observación directa da realización de actividades de aula: numeración, operacións de cálculo e resolución de problemas
	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.	
	MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar.	
	MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.	
	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.	
	MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	
	MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	
	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	
	MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.	
	MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.	
	MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.	
	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
MATEMÁTICAS	MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	Observación do manexo da calculadora. Caderno de actividades de aula. Actividades de aula realizadas na pizarra.
	MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.	Preguntas orais Observación directa da realización de actividades de aula: numeración, operacións de cálculo e resolución de problemas
	MTB3.1.2. Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	
	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.	
	MTB3.2.2. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	
	MTB3.3.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.	
	MTB3.3.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.	
	MTB3.3.3. Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais.	
	MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións	Probas escritas . Caderno de actividades de aula.
	MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	Actividades de aula realizadas na pizarra. Preguntas orais Observación directa da realización de actividades de aula: numeración, operacións de cálculo e resolución de problemas
	MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro.	
	MTB3.6.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas e de razoamento.	
	MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	
	MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).	
	MTB4.2.1. Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.	
MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).		

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
MATEMÁTICAS	MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos.	Probas escritas . Caderno de actividades de aula. Actividades de aula realizadas na pizarra. Preguntas orais Observación directa da realización de actividades de aula: numeración, operacións de cálculo e resolución de problemas
	MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.	
	MTB4.5.2. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.	Probas escritas . Caderno de actividades de aula. Actividades de aula realizadas na pizarra. Preguntas orais Observación directa da realización de actividades de aula: numeración, operacións de cálculo e resolución de problemas
	MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento.	
	MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	
	MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.	
	MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.	
	MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.1.1. Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.	Observación directa das súas actitudes. Observación do grao de evolución positiva en actitudes que deban mellorar. Argumentacións orais ou escritas. Actividades de comprensión de lecturas e tarefas realizadas en relación a estes contidos.
	VSCB1.1.2. Expressa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais.	
	VSCB1.2.1. Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.	
	VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión.	
	VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais	

	<p>persoas.</p> <p>VSCB1.3.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</p> <p>VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.</p> <p>VSCB1.4.2. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.</p> <p>VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.</p> <p>VSCB1.5.1. Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.</p> <p>VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.</p> <p>VSCB1.6.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.</p> <p>VSCB1.7.1. Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.</p> <p>VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.</p> <p>VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.</p> <p>VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.</p> <p>VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.</p> <p>VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos.</p>	
ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	<p>VSCB2.2.1. escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.</p> <p>VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.</p> <p>VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.</p> <p>VSCB2.3.2. Aмосa interese polos seus interlocutores.</p> <p>VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas.</p> <p>VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.</p> <p>VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa</p>	<p>Observación directa das súas actitudes.</p> <p>Observación do grao de evolución positiva en actitudes que deban mellorar.</p> <p>Argumentacións orais ou escritas.</p> <p>Actividades de comprensión de lecturas e tarefas realizadas en relación a estes contidos.</p>

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
	adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	
	VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	
	VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	
	VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais.	
	VSCB2.7.2. Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.	
	VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	
	VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	
	VSCB3.1.1 Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.	Observación directa das súas actitudes.
	VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	Observación do grao de evolución positiva en actitudes que deban mellorar.
	VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Argumentacións orais ou escritas. Actividades de comprensión de lecturas e tarefas realizadas en relación a estes contidos.
	VSCB3.2.1 Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	
	VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.	
	VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais	
	VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	
ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	Observación directa das súas actitudes.
	VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula.	Observación do grao de evolución positiva en actitudes que deban mellorar.
	VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar.	Argumentacións orais ou escritas. Actividades de comprensión de lecturas e tarefas realizadas en relación a estes contidos.
	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.	
	VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	
	VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos	

ÁREA	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
	das partes en conflito.	
	VSCB3.5.1. Expón os dereitos básicos da infancia.	
	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	
	VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Observación directa das súas actitudes.
	VSCB3.7.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Observación do grao de evolución positiva en actitudes que deban mellorar.
	VSCB3.7.2 Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico	Argumentacións orais ou escritas.
	VSCB3.7.3. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	Actividades de comprensión de lecturas e tarefas realizadas en relación a estes contidos.

8. METODOLOXÍA

8.1. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS.

O proceso de ensinanza e aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sos.
- Favorecer situacións nas que o alumnado debe actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe con sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os principios redactados na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, a nosa práctica educativa debe ser:

- **Globalizada e integradora:** onde os contidos ensinados se relacionen cos das outras áreas e cos seus propios coñecementos para que os nenos e nenas poidan establecer pontes cognitivos favorecendo as aprendizaxes significativas.
- **Individualizada:** cómpre que sexamos quen de adaptarnos ás características de cada neno e cada nena atendendo á diversidade existente no aula.
- **Activa:** debemos desenvolver actividades baseadas na experimentación, na

investigación e na observación para facelos partícipes do proceso e nós converternos en guías que orienten eses descubrimentos (aprender a aprender).

- **Funcional:** os nenos e nenas deberán atopar sentido nas aprendizaxes e para iso deben ser aplicables e útiles para desenvolverse na súa realidade cotiá.
- **Afectiva :** debemos crear un ambiente cálido e acolledor onde se sintan seguros e poidan traballar con interese e con eficacia desenvolvendo as relacións grupais.
- **Motivadora :** Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas do alumnado. Apoiarémonos no emprego das TICs.
- **Colaboradora:** implicando a tódolos membros da comunidade educativa e tamén establecendo canles de actuación e participación coas familias do alumnado.
- **Lúdica:** sendo o xogo un medio en si para a aprendizaxe de contidos.

8.2. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA.

Os principios anteriores estarán concretados no traballo no aula en base a tres tipos de estratexias:

- **Didácticas expositivas:** Presentando a información de xeito sinxelo, breve e previamente organizada, e apoiándonos en todo tipo de recursos, tanto os xapreparados, como outros que poidan xurdir de xeito espontáneo (experiencias previas, contos...)
- **De busca ou indagación:** Que consistirán en guiar ós nenos e nenas para acadar distintas aprendizaxes. Pódese levar a cabo a través dunha aprendizaxe por descubrimento guiada polo mestre (dar pautas para a busca de datos no entorno) ou tamén dándolles liberdade á hora de crear ou chegar a unha conclusión.
- **De reflexión sobre o aprendido:** Buscamos que actúen dun xeito cada vez máis autónomo mediante a gradación e interiorización das actividades, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e incluíndo unha reflexión sobre os contados obxecto de estudo (revisión final).

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS, INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

É importante resaltar que pretendemos que o material non só sexa un recurso educativo no sentido de servir de apoio á aprendizaxe, senón tamén no sentido de facilitar a adquisición de actitudes, valores e hábitos determinados.

9.1 PERSOAIS:

Ademais do alumnado e o persoal docente, poñeremos un especial énfase na participación activa das familias, colaborando ben de xeito directo, coa súa presenza, implicándoos no seguimento do proceso de ensino - aprendizaxe dos seus fillos/as, ou ben de xeito indirecto, axudándolles aos nenos e nenas na adquisición de diversos útiles para o desenvolvemento dos contidos traballados (material de refugallo, froitos...).

9.2 MATERIAIS:

- Impresos: libro de texto, revistas, contos, xornais, láminas, adhesivos...
- Específicos do aula: lapiseiros, cadernos, bolígrafos, estoxos, gomas..
- Audiovisuais: proxectores e pantallas.
- Informático: O ordenador. Internet. Programas e páxinas interactivas. Aula virtual do centro. Webex.
- De refugallo: cartóns, botellas de auga mineral baleiras, caixas...

9.3 AMBIENTAIS:

- Do centro: biblioteca, sala de informática, espazos diversos e aula.
- Do entorno: a propia contorna (saída na busca de árbores, froitos, follas).

10. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

10.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

A avaliación concíbese e practícase do seguinte xeito:

- **Continua e global**, xa que atende a aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o

progreso do alumnado no conxunto das áreas do currículo. Contémpanse tres modalidades:

- **Avaliación inicial.** Achega datos sobre o punto de partida de cada alumna ou alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada. Esta avaliación realízase durante as primeiras semanas do curso para poder adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar unha progresión satisfactoria no proceso de aprendizaxe.
A avaliación inicial terase en conta para a elaboración das programacións de aula e para adoptar as medidas de apoio reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna.
- **Avaliación formativa.** Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
- **Avaliación sumativa.** Establece os resultados do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

A avaliación conta cunha serie de características, o que fai que se recollan na mesma todos os avances do alumnado. Esta avaliación será:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumna ou alumno, tendo en conta a situación inicial e particularidades.
- **Integradora**, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumnado, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que achega ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Para avaliar o proceso de aprendizaxe seguiranse os seguintes procedementos e instrumentos:

- Observación sistemática:
 - Escala de observación.

- Rexistro anecdótico persoal.
- Análise das producións do alumnado:
 - Resumos.
 - Traballos diversos.
 - Caderno da clase.
 - Producións orais e escritas.
- Intercambios orais co alumnado:
 - Diálogo.
 - Entrevista.
 - Postas en común.
 - Asembleas.
- Probas específicas:
 - Obxectivas.
 - Abertas.
 - Exposición dun tema.
 - Resolución de exercicios.

10.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

10.2.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e av. final individualizada

Cabe ter en conta, á hora de avaliar, estes tres parámetros que a LOMCE explica do seguinte xeito:

- **Criterios de avaliación:** o alumnado deberá acadar os mínimos establecidos na táboa do punto 3 desta programación para que a súa valoración sexa positiva.
- **Estándares de aprendizaxe avaliados:** o alumnado será avaliado seguindo os estándares establecidos no punto 3 da programación.
- **Avaliación final individualizada** a todo o alumnado, ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Administración educativa, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan corraxir

as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

- Promoción:

Non promocionará aquel alumno que non supere as materias instrumentais: matemáticas e algunha das linguas (galego ou castelán).

11. INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O grao de adquisición das competencias clave será cualificado como: baixo, aceptable, bo, excelente.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT), ou Sobresaínte (SB) para as cualificacións positivas.

O referente fundamental para valorar ao alumnado serán os criterios de avaliación das diferentes áreas:

- Observación e control do traballo diario na aula: 40 % da cualificación.
- Observación da actitude con respecto á materia: 10 % da cualificación.
- Traballos individuais ou colectivos sobre determinados temas: 10% da cualificación.
- Probas específicas sobre os contidos máis significativos: 40% da cualificación.

Trimestralmente haberá unha sesión de avaliación con todo o profesorado que imparte clase ao grupo. Nela valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno e alumna, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e se é o caso as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

11.1. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Neste apartado farase unha análise baseada na observación sistemática do proceso de ensinanza aprendizaxe desenvolvido durante todo o ano. Para iso, ao remate de cada tema, faremos unha reflexión sobre os seguintes aspectos:

Valorarase:

- Se o **100%** das **actividades** foron **axeitadas para acadar os obxectivos** e contidos previstos.
- Se o **100%** das **actividades** foron **adequadas ao nivel dos nenos e nenas** e progresivas na súa dificultade.
- Se o **100%** das **actividades** foron **enriquecedoras e variadas**, enfocando os temas dun xeito motivador.
- Se os recursos utilizados foron os axeitados para desenvolver as actividades.
- Se o tempo estipulado foi suficiente ou non.
- Finalmente valoraranse todos estes aspectos, tendo en conta a porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva nas distintas áreas.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Durante as primeiras semanas do curso realizarase unha avaliación inicial para poder adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar unha progresión satisfactoria no proceso de aprendizaxe.

Os principais instrumentos para a Avaliación inicial serán:

- Documentación oficial de avaliación: expediente académico, historial académico e informe persoal por traslado, se fose o caso.
- Informes de titores anteriores, especialmente os informes individualizados do pasado curso no que se recollen as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.
- Informes do departamento de orientación.
- Entrevistas cos pais/nais.
- Observación do traballo diario durante as primeiras semanas do curso.
- Cuestionarios e probas específicas aplicadas.

A avaliación inicial terase en conta para a elaboración da programación de aula e para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno ou alumna.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Trataremos de identificar as posibles deficiencias que poidan xurdir ao longo do curso mediante unha atención individualizada que nos permita observar e analizar o proceso de ensinanza aprendizaxe de cada un e tamén levar a cabo, se cómpre, as intervencións axeitadas para atallalas :

- Reforzo educativo. (RE)
- Implementación da/s posibles adaptación/s curricular/es significativa/s (ACS) que poida haber neste nivel. Se ao longo do curso se valorara pertinente unha ACS seguirase a normativa vixente.

Alumnado con pequenas dificultades e ritmo lento.

A primeira meta a acadar é obter un bo clima no aula, baseado no respecto aos outros, no que todo o alumnado se poda expresar sen problemas. Para iso reforzaremos de seguido os pequenos logros que vaian adquirindo. Outra posibilidade de actuación sería a modificación de recursos, da organización, da metodoloxía ou das actividades, reforzando máis os contidos procedimentais e actitudinais e incidindo na adquisición das aprendizaxes máis significativas para aqueles que non sexan capaces de seguir o ritmo habitual da clase. Falaríamos, pois, de reforzo educativo (RE). Sempre permanecendo atentos ás posibles dificultades que poidan ir xurdindo ao longo do curso co alumnado que non sexa quen de chegar aos estándares mínimos de aprendizaxe, e poder así actuar dun xeito rápido e eficaz.

Alumnado con altas capacidades.

Do mesmo xeito que modificamos aspectos prescritivos (ACS) ou non prescritivos (RE) do currículo para alumnado con dificultades, tamén teremos en conta aqueles que teñen altas capacidades.

- Por un lado reforzaríamos a súa aprendizaxe por medio de actividades de ampliación , desenvolvemento cognitivo e ou programas de enriquecemento curricular.
- Ou , de xeito moito máis construtivo para eles xa que soen ter déficits na súa relación co grupo, optaríamos por darlles “responsabilidade educativa”. Por poñer un exemplo, na axuda aos nenos e nenas de aprendizaxe máis lenta ou sendo encargados nos traballos en grupo, favorecendo as relacións cos outros e o seu propio desenvolvemento persoal e social.

Dificultades derivadas da fenda dixital.

No caso de alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital desenvolveranse actividades de formación relacionadas coas NTICS de forma continuada durante a actividade lectiva presencial, ensinando habilidades básicas ao alumnado relacionadas con:

- Traballo e manexo autónomo da aula virtual do centro
- Levando a cabo tarefas e actividades en liña na aula
- Guiándoos no acceso aos recursos que ofrece a rede
- Resolvendo posibles dúbidas de funcionamento que poidan xurdir...

De tal xeito que, de darse de novo un escenario de ensino a distancia, todo o alumnado sexa quen de acceder aos contidos e manterse conectado e integrado no proceso de ensino e aprendizaxe.

14. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Entre os valores que teñen unha presenza máis relevante neste nivel destacamos os seguintes:

• *Educación moral e cívica.*

Preséntanse contextos nos que os alumnos e alumnas se ven obrigados a xulgar e xerarquizar valores. En todas as actividades colectivas maniféstase unha valoración positiva da participación, o intercambio de puntos de vista, o respecto ás opinións e regras, etc.

• *Educación para a paz.*

O obxectivo é que o alumnado comprenda que a construción da paz é tarefa de todos. Igual que sucede cos conflitos cotiáns, moitas veces o odio entre os pobos é froito do descoñecemento e a falta de comunicación, e o mellor xeito de superar estes problemas é o diálogo.

As diferenzas culturais entre os distintos pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a todas as persoas por igual. O alumnado debe achegarse ao coñecemento doutras realidades, coa finalidade de respectar os costumes e formas de vida que alí se manifestan.

- **Educación para a saúde.**

O coñecemento do propio corpo é a base para introducir algúns conceptos básicos de saúde e hixiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida da persoa.

- **Educación sexual.**

Exponse como esixencia natural da formación integral da persoa. O obxectivo é coñecer os cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian fisicamente os dous sexos.

- **Educación ambiental.**

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do contorno e no desenvolvemento dunha actitude favorable á protección e conservación do medio inmediato.

- **Educación viaria.**

O obxectivo é capacitar ao alumnado na súa faceta de peón autónomo e posible condutor de bicicletas. Para iso serven como eixos de globalización as unidades referidas ao medio social: a rúa, a cidade, os pobos... Establécense coñecementos sobre os elementos e signos viarios, e foméntanse outros de tipo condutal que lle permiten a adquisición de hábitos precisos para desenvolverse en situacións concretas. Ademais aténdese ao coñecemento das redes e infraestruturas de transporte, facendo partícipe ao alumnado das pautas de actuación no uso de calquera dos medios de transporte, privados ou colectivos.

- **Educación do consumidor.**

A educación para o consumo responsable comeza con reflexións sobre as actitudes do alumnado, que debe empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesita (a roupa, a comida, o transporte, etc.) e aquilo do que pode prescindir facilmente. O aproveitamento de elementos que se consideran de refugallo proporciona experiencias que desenvolven no alumnado os hábitos adecuados de utilización dos recursos que ten ao seu alcance.

- **Educación non sexista.**

Preséntase á muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola como no do traballo e noutros contextos cotiáns. Por outra banda, utilízase unha linguaxe coeducativa.

Todo o reflectido no apartado de Educación en Valores incide directamente no plan de convivencia do centro.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E O PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Consideramos a lectura como un factor esencial do enriquecemento intelectual e unha actividade clave na educación, por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, que abre as portas a novos coñecementos. A comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para despertar o gusto pola lectura. Por e para iso, a lectura estará presente en todas as áreas coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

- Espertar e aumentar o interese do alumno pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Formar Lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica.
- Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Adicarase diariamente un tempo denominado Hora de ler no que se traballa a lectura en todos os seus aspectos. Este tempo corresponde a vinte minutos antes do recreo. Preténdese acadar unha lectura fluída e coa entoación adecuada, así coma unha axeitada comprensión.

Para isto, non só chega a Hora de ler, practícarase ademais a lectura colectiva de textos variados. Tamén se realizarán sesións de lectura por parte do profesorado coa finalidade de estimular a atención e comprensión oral.

Colaborase en todas as actividades a nivel de aula que propoña o equipo de dinamización de lingua galega.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participarase naquelas actividades programadas a nivel de centro polo equipo de actividades complementarias e extraescolares ou equipo de dinamización da lingua

galega e serán desenvolvidas a nivel de aula. Tamén se terán en conta as diferentes conmemoracións recollidas na Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o presente curso, ás cales se fará referencia dende as titorías; así coma todas aquelas novas propostas que poidan xurdir ao longo do curso que resulten interesantes para o desenvolvemento dos alumnos e que poidan ser levadas a cabo respectando as diferentes medidas hixiénico-sanitarias establecidas para o presente curso.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A actuación docente baséase no modelo pedagóxico de cada persoa, sexa explícito ou implícito, pero desenvólvese nun contexto complexo no que distintas variables inciden no deseño e desenvolvemento dos programas e nos resultados que se acadan. De aí a necesidade de que o equipo docente leve a cabo unha valoración do conxunto dos elementos que conforman o proceso de ensino-aprendizaxe e que inflúen no labor educativo.

Esta valoración debe ser un proceso que comeza coa avaliación inicial e prosigue cunha observación e reflexión continuadas. Nunha última instancia, a avaliación deberá permitir adoptar decisións que favorezan a mellora do proceso.

Para efectuar a avaliación, é preciso delimitar os elementos a avaliar, os ámbitos ou unidades de análise que imos valorar, aqueles que entendemos que son as variables con maior peso de cara á optimización dos resultados. No noso caso, aínda sendo conscientes de que a avaliación debe incidir nun maior número de elementos, tanto curriculares coma organizativos, inicialmente centrarémonos en aspectos relacionados co estritamente curricular. Máis concretamente, centrarémonos fundamentalmente nalgúns aspectos referidos a obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía. A súa análise, de forma paulatina e progresiva, facilitaranos ir afondando na valoración destes elementos e ir ampliándoa a outros, como poden ser aqueles relacionados coa metodoloxía, atención á diversidade, uso de materiais ou instrumentos e procedementos de avaliación.

17.1. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Elementos	1	2	3	4	5
1. Hai unha adecuada correlación entre os obxectivos de cada ciclo e os xerais de etapa					
2. Valora o nivel de adecuación entre os obxectivos e os criterios de avaliación na Programación Docente					
3. Hai equilibrio e progresión na secuencia de contidos no ciclo					
4. Hai equilibrio e progresión na secuencia de contidos entre ciclos					
5. Conseguimos impartilos contidos propostos na Programación Docente					
6. A secuencia de contidos da Programación Docente facilita a súa flexibilización dentro do ciclo de cara á atención á diversidade do alumnado					
7. Os contidos dos libros de texto reflicten os da Programación Docente					
8. A avaliación inicial e a información de final de ciclo facilitan a adopción de decisión respecto á necesidade de flexibiliza-la secuencia de contidos en determinados casos					
9. Nivel de conexión entre actividades complementarias e extraescolares e os obxectivos da Programación Docente					

17.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Elementos	1	2	3	4	5
1. Os criterios mínimos de avaliación refírense a competencias básicas					
2. Os criterios mínimos de avaliación reflicten unha progresión na consecución de competencias básicas entre ciclos					
3. Os criterios mínimos de avaliación son de utilidade para valora-lo coñecemento mínimo do ciclo que permita seguir con aproveitamento o seguinte ciclo					
4. Os criterios mínimos de avaliación orientan sobre o ensino do fundamental do ciclo					
5. Os criterios mínimos de avaliación orientan na toma de decisión á hora de decidir sobre a elaboración de ACS					

17.3. METODOLOXÍA

Elementos	1	2	3	4	5
1. É suficiente o tempo adicado a lectura e escritura					
2. Valora o deseño e aplicación das estratexias de comprensión lectora					

Clave:

1= Nada;

2= Pouco;

3= Suficiente;

4= Ben;

5= Moi Ben